

# FOLLETO MISA CON NENOS

19 de novembro 2023 ORDINARIO 33º-A

## Xornada Mundial dos pobres

*Mateo 25, 14-15. 19-21: "A un deixoulle 5 talentos, a outro 2 e a outro 1".*

Mensaxe: Non é tanto ter talento como saber facelo crecer



Jornada Mundial  
de los Pobres



No se trata  
de dar o recibir

Se trata de conocer, acercarse, acompañar,  
dar instrumentos, herramientas, querer, cuidar...  
... que ese sea tu TALENTO

**Non é tanto ter talento  
como saber facelo crecer**

## 1. MONICIÓN DE ENTRADA

Irmáns e irmás:

Ao final deste tempo ordinario pregúntasenos que estamos a facer coa nosa vida? Xesús no evanxeo fálanos dos talentos, das calidades e oportunidades que se nos ofrecen. Trátase de sentirnos agradecidos por todo o que recibimos de Dios e de aproveitar o tempo desenvolvendo os nosos talentos. Hoxe a igrexa celebra a Xornada Mundial dos Pobres establecida polo papa Francisco para que non nos esquezamos nunca dos pobres. O lema deste ano é “*Non apartes o teu rostro do pobre*” (Tob. 4,7), e é que os pobres non deben ser invisibles para os que seguen a Xesús.

**SALÚO DO SACERDOTE:** *No nome do Pai... Deus que confía en nós e énchenos de talentos, de calidades para que as fagamos frutificar, sexa con todos vós.*

(Podemos ensinar o cartel deste domingo de Fano).

## 2. SÚPLICAS DE PERDÓN

**Sacerdote:** *Recoñezamos humildemente os nosos pecados.*

- **Catequista:** *Señor; ti que nos dás calidades para que sexamos útiles pero ás veces non as desenvolvemos. Señor, ten piedade de nós.*
- **Neno/a:** *Ti que puxeches nas nosas mans a posibilidade de construír o teu Reino e mellorar o mundo pero ás veces somos preguiceiros. Cristo, ten piedade de nós.*
- **Pais:** *Ti que ao final das nosas vidas examinarasnos do amor e preguntarasnos se apartamos nosa vista do pobre. Señor, ten piedade de nós.*



**Sacerdote:** *Que Deus, noso Pai, nos purifique do pecado e nos faga dignos de participar desta Eucaristía.*

### 3. MONICIÓN Á PALABRA DE DEUS

No evanxeo, un señor reparte os talentos aos tres criados e esíxelles segundo as súas capacidades. É esta unha parábola que nos convida á responsabilidade e ao esforzo, a non perder o tempo, xa que o noso Deus deunos unhas calidades que temos que desenvolver, agradecer e poñer ao servizo dos demais. A primeira lectura proponnos o exemplo da muller traballadora, responsable, que fai render os seus talentos. O seu traballo contribúe ao ben dos demais. S. Paulo convídanos a vivir vixiantes, como fillos da luz.

## LECTURAS

**PROVERBIOS 31,10-31: *Traballa coa destreza das súas mans.***



Unha muller forte, quen a achará? Supera en valor ás perlas. O seu marido fíase dela, pois non lle faltan riquezas. Tráelle ganancias, non perdas, todos os días da súa vida. Busca a la e o liño e trabállalos coa destreza das súas mans. Aplica as súas mans ao fuso, cos seus dedos sostén a roca. Abre as súas mans ao necesitado e tende os seus brazos ao pobre. Enganosa é a graza, fugaz a fermosura; a que teme ao Señor merece loanza. Cantádelle polo éxito do seu traballo, que as súas obras exáltena en público.

Palabra do Señor.

**Salmo 127: R/.**

**Ditosos os que temen ao Señor.**

**1ª Tesalonicenses 5,1-6: *Que o día do Señor non vos sorprenda como un ladrón.***

**Mt 25, 14...: *Como fuches fiel no pouco, entra... do teu Señor***

**Narrador:** Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos esta parábola:

**Xesús:** «Un home, ao irse de viaxe, chamou os seus servos e deixounos ao cargo dos seus bens: a un deixoulle cinco talentos, a outro dous, a outro un, a cada cal segundo a súa capacidade; logo marchouse. Ao cabo de moito tempo vén o señor daqueles servos e ponse a axustar as contas con eles. Achegouse o que recibira cinco talentos e presentoulle outros cinco, dicindo:

**Empregado 1:** -“*Señor, cinco talentos deixáchesme; mira, gañei outros cinco*”.

**Xesús:** O seu señor díxolle:

**O señor:** -“*Ben, servo bo e fiel; como fuches fiel no pouco, dareiche un cargo importante; entra no gozo do teu señor*”».

**Xesús:** Achegouse logo o que recibira dous talentos e dixo:

**Empregado 2:** -“*Señor, dous talentos deixáchesme; mira, gañei outros dous*”.

**Xesús:** O seu señor díxolle:

**O señor:** -“*Ben, servo bo e fiel; como fuches fiel no pouco, dareiche un cargo importante; entra no gozo do teu señor*”.

**Xesús:** Achegouse tamén o que recibira un talento e dixo:

**Empregado 3:** - “*Señor, sabía que es esixente, que segas onde non sementas e recolles onde non esparexes, tiven medo e fun esconder o teu talento baixo terra. Aquí tes o teu*”.

**Xesús:** -“O señor respondeulle:

**O señor:** - “*Es un servo negligente e folgazán. Conque sabías que sego onde non semento e recollo onde non esparexo? Pois debías poñer o meu diñeiro no banco, para que, ao volver eu, puidese recoller o meu cos intereses. **Quitádelle o talento e dádelo ao que ten dez.** Porque ao que ten daráselle e sobraralle, pero ao que non ten, quitaráselle ata o que ten. E a ese servo inútil botádeo fóra, ás tebras; alí será o pranto e o renxer de dentes*”».

Palabra do Señor.

*(Narrador-Xesús-Empregado 1-Empregado 2-Empregado 3-O señor).*

## 4. ORACIÓN DOS FIEIS

*Sacerdote:* Ao Pai que distribúe os seus dons entre nós dicímoslle:

**-Que faga crecer os meus talentos, Señor.**

**-Que non enterre os meus talentos, Señor.**

1. Polo noso bispo, pola igrexa diocesana de... e por nós, para que sexamos membros activos dela. *Oremos.*
2. Para que nas familias fagamos frutificar o tesouro da fe que nos regalou Cristo. *Oremos.*
3. Para que agradezamos a Deus os talentos e calidades que nos deu e sexamos responsables con eles. *Oremos.*
4. Para que non esquezamos que sen esforzo, traballo e responsabilidade nada se consegue. *Oremos.*
5. Para que nesta Xornada dos Pobres aprendamos a facelos visibles e “a non apartar o noso rostro do pobre”. *Oremos.*
6. Para que os que nos alimentamos do Pan do ceo sintamos urxidos a rezar e compartir cos nosos irmáns necesitados. *Oremos.*

*Sacerdote:* **Grazas Señor por todo o que nos regalas, axúdanos a ser dignos cada día da confianza e responsabilidade recibidas. Por XCNS.**

## 5. PROCESIÓN DE OFRENDAS

### - **CARTEL DA XORNADA DOS POBRES (logo en internet):**

Fagamos realidade o que o Papa nos pide nesta xornada de facer máis visibles aos pobres: “Benditas as mans que se abren para acoller aos pobres e axudalos: son mans que traen esperanza. Benditas as mans que vencen as barreiras da cultura, a relixión e a nacionalidade derramando o aceite do consolo nas chagas da humanidade. Benditas as mans que se abren sen pedir nada a cambio, sen peros nin condicións: son mans que fan descender sobre os irmáns a bendición de Dios”.

### - **ENTRÉGASELLE AOS NENOS UNHA MOEDA BRILLANTE (poden valer as de chocolate):**

Hoxe, como aos empregados da parábola que escoitamos, dásenos un talento, non de prata, senón de amor. É necesario que negociemos con el, que repartamos o noso amor e así seguro que aumenta e aumenta.

### - **PAN E VIÑO:**


Ao presentar o pan e o viño queremos que a eucaristía deste domingo, anticipación da festa do ceo, sexa o alimento salvador que nos dea forza para facer frutificar o que o Señor sementou en cada un de nós.

*- -Desenvolve as túas  
calidades, non as enterras.*

*-Non esquezas que sen  
esfuerzo, sen traballo, sen  
responsabilidade, nada  
consegues.*

*-Mira ao pobre, que non sexa  
invisible para ti.*

*-Abre os ollos, achégate,  
coida, acompaña a quen te  
necesite.*



No apartes tu rostro  
del pobre

2023

## 6.- ORACIÓN DE GRAZAS

### *Que non enterre os meus talentos*

**Señor**, ao final do tempo ordinario, enfróntanos ás grandes preguntas da vida.

**Non queres que perdamos o tempo**, que a nosa vida sexa inútil, baleira, sen froito, gris e triste.

**Por iso disnos que valoremos os talentos e calidades** que nos entregaches e que os desenvolvamos con esforzo, traballo, constancia e tesón.

**Sabemos que o froito que ti esperas** de nós é proporcional ás capacidades que recibimos de ti, pero non toleras a vagancia, a pasividade do que enterra o que lle deches.

**Agradézoche, Señor**, o que son e quero ser un agasallo para os que puxeches ao meu lado, acepto as miñas limitacións facendo render as potencialidades o máis posible, ti suplirás o que faga falta e darasme o ceo.

**Nesta Xornada Mundial dos Pobres**, que aprendamos que non se trata de dar ou recibir. Trátase de coñecer, achegarse, acompañar, dar instrumentos, querer, coidar... que ese sexa o noso talento.

**FELIZ DOMINGO,  
DÍA do SEÑOR**